

MAREA DE CEMENTO NO ESTEIRO DO ANLLÓNS

Fernando Baneira, Daniel Romero e Adrián Lema*



Hotel en construción ao pé do mar, no esteiro do Anllóns

QUEN TEN CARTOS TEN O PODER

Déronnos a oportunidade de escribir para CERNA sobre o *suposto* desenvolvemento económico que parece que se vai dar pola construción dun paseo marítimo e dun hotel na beira do mar, no Esteiro do Anllóns.

O primeiro que se nos ocorreu foi falar con estes vellos que se sentan nun banco a esbardallar e que parece que entenden algo de política. O que nos dixeron foi o seguinte:

" Este hotel é ileghal porque está moi cerca do mare. Arre Carallo!!, se eu quero facer un caseto po can nunha finca que teño aí tñanma abaixo, e aos que fan aí ese edificio tan ghrande non lles din nada. Sabes por que neniño?, pois éche porque a xente que ten cartos..."

Iso é así, o que ten cartos ten o poder, pero para seguir coa nosa denuncia desa construción, tiñamos que demostralo, non chega con que un vello diga catro verdades ben ditas.


Decididos, fomos falar co arquitecto (e propietario) da obra, que nos pediu moi amabelmente que lle désemos unha

folla coas preguntas nas que estabamos interesados (quería lelas antes!).

Así o fixemos, pero as respostas que obtivemos non nos convenceron demasiado, xa que o que intentou facer era vendernos o hotel, e para as preguntas máis "interesantes" contestounos moi amabelmente que lle fósemos preguntar ao alcalde...

Como xa antes de ir falar co arquitecto, estivéramos co señor alcalde (que nos aconsellou ir falar co arquitecto), vímonos nun ciclo de ida e volta, dende o alcalde ate o arquitecto e viceversa... Pasamos do tema.

Però xa vai sendo hora de que vexades a construción: coas fotografías abonda, non se precisan palabras.





Os autores deste artigo, ao pé da ría

MAREA DE CEMENTO E ASFALTO NA COSTA DA MORTE

Ao mesmo tempo, estase a facer un paseo marítimo que abrangue toda a costa, dende Canduas ata Neaño. Para construílo fanse recheos no mar e cométense o que nós consideramos un grave delito ecolóxico, como foi a tala dunha zona de piñeiros que estaba considerada refuxio de fauna.

Pero non é só este hotel, agora outras empresas privadas queren construír *chalés* á beira do mar por toda a Costa da Morte. Parece que case todos os concellos devecen por apuntarse a esta *marea de cemento e asfalto*: o concello de Zas quere construír un paseo "marítimo" fluvial ás beiras do río Grande en Baio, en Laxe estase a construír practicamente na mesma praia, en Fisterra outro tanto, en Cee, campo de golf con centos de vivendas,... No conxunto da costa estanse negociando polo menos 45 novas urbanizacións con máis de 400 vivendas en cada unha delas, ademais dos campos de golf, portos deportivos...

PREGUNTAS SEN RESPOSTA

Pero o mundo é así, parece que nesta sociedade capitalista na que vivimos, algunhas empresas privadas pensan que teñen dereito a explotar e moitas veces destruír as nosas paraxes naturais con tal de aumentar rapidamente os seus beneficios.

Non quedaría mellor en vez do hotel, construción privada que só beneficia ao

seu propietario, unha praza ou un campo con vistas ao mar no cal te puideras sentar e observar as vistas do paraíso no que vivimos?

Que atraerá máis turismo e, polo tanto diñeiro, unha costa que conserve a súa beleza ou construcións hoteleiras ou residenciais que contribúen a destruíla?

Non estamos en contra da construción do hotel, pero si de que o constrúan a 20 metros do mar. Tampouco estamos en contra de que se constrúa un paseo á beira do mar, pero iso si, sen recheos, de madeira en vez de cemento, ou que se arranxasen antigos sendeiros e se replantase con árbores propias da zona e do hábitat costeiro que axudasen a consolidar o terreo.

Nós cremos que os turistas cando veñen a Galiza é porque queren coñecer Galiza, senón irían a outro sitio. Non podemos ofrecer bo tempo, tampouco debemos ofrecer paseos marítimos e urbanizacións iguais aos da Costa do Sol. Pero si podemos ofrecer a nosa cultura diferente, a nosa lingua propia e tamén a nosa costa única e unha natureza aínda sen estragar.

Para rematar, non queremos dicir que teñamos que vivir no Paleolítico, sen ningún tipo de industria, senón que a nosa paisaxe pode ser unha importante fonte de riqueza que non se vai esgotar nunca.

*Daniel, Fernando e Adrián son alumnos de Bacharelato no IES de Baio-Zas

